

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena da noiva

Nun monte que hai entre Bustelo, parroquia do Castro, e Trigais, parroquia de San Pedro de Cervantes (Lugo) destaca unha pena de case tres metros de altura que semella unha pedrafita. Cóntase que recibe o nome porque xunto dela casou unha moura que custodiaba un tesouro. Tesouro, por certo, que ata non hai moito aínda buscaban, sen éxito que se saiba, os veciños.

[Texto e fotografía de Xabier Moure Salgado. Achega de Anuncia, do mesón de Catroventos, no concello de Cervantes (Lugo). Xaneiro de 2014]

